



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

### **IV PLAN DE RESCATE DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS, PROFESIONAIS E EMPRESAS PARTICULARMENTE AFECTADAS POLA CRISE DA COVID-19, MEDIANTE AXUDAS DIRECTAS PARA O APOIO Á SOLVENCIA E REDUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO DO SECTOR PRIVADO, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2021.**

#### **PRIMEIRO. Persoas e entidades beneficiarias**

1. Poderán ser beneficiarias das axudas directas previstas nesta orde:

a) Todas as persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar como persoas traballadoras por conta propia, e profesionais (de ser o caso, mutualistas) en réxime de estimación obxectiva, con domicilio fiscal en Galicia e que exerzan unha actividade económica.

b) Todas as persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar como persoas traballadoras por conta propia, os profesionais e empresas, con domicilio fiscal en Galicia, que exerzan unha actividade económica e que teñan unha caída do volume de operacións anual declarado ou comprobado pola Administración, no imposto sobre o valor engadido ou tributo indirecto equivalente, de máis dun 30 % no ano 2020 respecto do ano 2019.

c) Así mesmo, poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas de tempada, sempre que acrediten que continúan coa súa actividade, aínda que non estean de alta no momento de presentación da solicitude e estean de alta un mínimo de 4 meses e un máximo de 9 meses nalgún dos anos 2019 ou 2020. Para os efectos desta orde, ás persoas traballadoras autónomas que estean de alta durante un período superior a 9 meses aplicaráselles o réxime xeral e non o de tempada.

d) Poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas e empresas dadas de alta ou creadas entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de marzo de 2020 e empresas que realizen unha modificación estrutural da sociedade mercantil entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2020.

#### **SEGUNDO. Obxecto**

1. O obxecto deste programa é a concesión dunha axuda económica, financiada con fondos distribuídos polo Goberno de España, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o apoio á solvencia e redución do seu endebedamento.

2. As axudas directas terán carácter finalista e deberán aplicarse a satisfacer a débeda e a realizar pagamentos a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xerasesen entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021.

3. En primeiro lugar, satisfaranse os pagamentos a provedores e outros acredores non financeiros, por orde de antigüidade. Se procede, en segundo lugar, reducirase a débeda con acredores financeiros, primando a redución da débeda con aval público, segundo o disposto no número 2 deste artigo. Por último, poderá destinarse o remanente da axuda a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando fosen xerados entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021. Inclúense as perdas contables propias da actividade empresarial que non fosen xa cubertas por estas ou outras axudas.

### **TERCEIRO. Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día 29 de Outubro de 2021 e remata o 29 de Novembro de 2021, incluído.

### **CUARTO. Importe das axudas**

1. Para a determinación dos importes máximos recollidos na presente convocatoria teranse en conta os importes das axudas xa concedidas ao abeiro do III Plan de rescate da Xunta de Galicia (Orde do 9 de xuño de 2021, modificada pola Orde do 12 de xullo de 2021. DOG núm. 110, do 11 de xuño, e DOG núm. 132, do 13 de xullo, respectivamente).

2. No caso de persoas empresarias ou profesionais que apliquen no réxime de estimación obxectiva no imposto da renda das persoas físicas no ano 2019 e/ou no ano 2020, a axuda concederase por un importe máximo de 3.000 euros.

Os gastos subvencionables a que se refire o artigo 11 desta orde deberán ser de importe igual ou superior á axuda solicitada, de tal xeito que o importe da axuda nunca poderá ser superior aos ditos gastos subvencionables.

3. No caso das restantes persoas traballadoras autónomas, empresarias ou profesionais e empresas e de conformidade co establecido no artigo 3.2 do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta a pandemia da COVID-19, modificado polo Real decreto lei 6/2021, a axuda máxima total concedida non poderá superar ningún dos seguintes importes:

Primeiro: 200.000 euros

Segundo: o 40 % da caída do volume de operacións no ano 2020 respecto do ano 2019, que supere o 30 % da caída de facturación nese período, no caso de empresarios ou profesionais que apliquen o réxime de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas, así como as entidades e establecementos permanentes que teñan un máximo de 10 empregados/as.

Terceiro: o 20 % da caída do volume de operacións no ano 2020 respecto do ano 2019, que supere o 30 %, da caída de facturación nese período, no caso de entidades, empresarios ou profesionais e establecementos permanentes que teñan máis de 10 empregados/as.

No obstante o establecido nos puntos segundo e terceiro anteriores, a axuda mínima será de 4.000 €, sempre que existan débedas pendentes ou compensación de custos fixos por ese importe.

Cuarto: o importe dos gastos subvencionables a que se refire o artigo 11.

4. Para as persoas autónomas de tempada, os importes da axuda serán o 50 % das cantidades indicadas no números 1 e 2 deste artigo.

#### **QUINTO. Gastos subvencionables**

1. Serán subvencionables as cantidades que se destinen a satisfacer a débeda con provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre que estes se xerases entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021, de acordo co disposto nos puntos seguintes.

2. En concreto, ao abeiro desta convocatoria son subvencionables os gastos realizados para:

a) O pagamento da débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, que debe estar pendente o 30 de setembro de 2021, aínda que xa estivese realizado na data de presentación da solicitude, e proceder de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021.

b) A compensación dos custos fixos en que se incorreu, e sempre que fosen xerados entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e que procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021. Inclúense as perdas contables propias da actividade empresarial que non fosen xa cubertas por estas ou outras axudas.

3. A data de nacemento dos compromisos contractuais e a data de nacemento da obriga de pagamento xustificaranse coa data que se sinala no contrato de referencia e/ou factura correspondente. Os importes das facturas incluíranse sen IVE ou con IVE, ou imposto indirecto equivalente, en función de que este resulte ou non deducible pola persoa ou empresa solicitante, atendendo aos requisitos normativos do dito imposto que lle sexan de aplicación.

4. En primeiro lugar, deberanse satisfacer os pagamentos das débedas a provedores e outros acredores non financeiros por orde do antigüidade. Se procede, en segundo lugar, reducirase a débeda con acredores financeiros, primando a redución da débeda con aval público. Por último, poderá destinarse o remanente da axuda a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes fosen xerados entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021. Inclúense as perdas contables propias da actividade empresarial que non foran xa cubertas por estas ou outras axudas.

## **SEXTO. Especificidades con respecto aos préstamos e pólizas de crédito**

1. No caso de préstamos entre particulares, será considerado como documento válido de xustificación a transferencia bancaria nas datas sinaladas no parágrafo anterior ou, se for o caso, por terse elevado o préstamo a escritura pública antes do 13 de marzo de 2021.

2. No caso de préstamos ou pólizas de crédito constituídos entre os días 1 de marzo de 2020 e 12 de marzo de 2021, ambos incluídos, o pagamento poderá abranguer as cotas pendentes correspondentes ao período comprendido entre os días 1 de marzo de 2020 e 30 de setembro de 2021, ambos incluídos, ou, no suposto de que o contrato preveña a posibilidade de amortización ou cancelación anticipada, o pagamento poderá abranguer a totalidade da débeda pendente derivada do referido préstamo ou póliza de crédito. Non serán subvencionables os gastos que poidan derivar da dita cancelación.

3. No caso de pólizas de crédito constituídas con anterioridade ao 1 de marzo de 2020, o pagamento poderá comprender os importes dispostos entre os días 1 de marzo de 2020 e 30 de setembro de 2021, ambos incluídos.

Así mesmo, no caso de créditos constituídos con anterioridade ao 1 de marzo de 2020, o pagamento poderá comprender as cotas pendentes de pagamento correspondentes ao período comprendido entre os días 1 de marzo de 2020 e 30 de setembro de 2021, ambos incluídos.

### **MAIS INFORMACIÓN SOBRE ESTA ORDE:**

1. DOG N.º 208, de data 28/10/2021. “Orde do 18 de outubro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas”.

2. Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. **Telf. 981 544 666**